



PLAN DIXITAL

IES Monte da Vila

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Centro: IES Monte da Vila

Enderezo: Rúa Bouzas, 22, 36980 O Grove, Pontevedra

Web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontevila/>

Enderezo electrónico: ies.monte.vila@edu.xunta.gal

Etapas educativas: ESO, Bacharelato, FP grao básico, FP grao medio

Número de profesorado: 44

Número de alumnado: 405

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O GROVE. Municipio da provincia de Pontevedra e bisbarra do Salnés. Situado na beira sur da ría de Arousa, forma límite entre esta e a ría de Pontevedra.

A pirámide de poboación do Grove mostra unha estrutura demográfica madura como consecuencia dunha evolución demográfica caracterizada por unha intensa caída da natalidade e un progresivo avellentamento, causado por un aumento da calidade e esperanza de vida.

No referente á concentración da poboación, no concello do Grove no ano 2005, atopamos unha poboación altamente concentrada, xa que o 91,66% dos seus habitantes residen en 22 núcleos de poboación (definidos polo INE como núcleos de polo menos 10 edificacións que se encontran formando rúas, prazas ou outras vías urbanas), fronte a un escaso 8,33% do total que habita en 10 espazos diseminados de vivendas.

No apartado cultural, destaca a existencia de dúas casas da cultura, que cobren as necesidades culturais básicas emerxentes na sociedade. Destaca tamén a recente inauguración do auditorio de O Grove, sito a carón do IES Monte da Vila e que conta con máis de 400 butacas ademais de camerinos e aulas para a escola de música.

A contribución do Plan Dixital ao PEC e á PXA farémola desde a perspectiva de como reforzar este plan adecuándoo o uso das novas tecnoloxías en toda a comunidade educativa, xa que o centro participa no programa E-DIXGAL durante 4 cursos e o 2022/2023 será o terceiro. E sempre tendo en conta que a competencia dixital é unha das competencias chave nas que é necesario traballar co alumnado ao longo do seu paso por toda a etapa de escolarización obrigatoria e tamén tendo en conta que o noso novo alumnado, procede de CEIPs con programa E-DIXGAL.

O PLAMBE no que tamén está o centro, e que afecta de maneira transversal a todos os plans e programas fornecerase do Plan Dixital como unha oportunidade para concretar moitas das súas accións nun mundo virtual.

Por último, contribuirá a aumentar as relacións e establecer canles de comunicación fluídas coas familias, coa ANPA e co Concello do Grove e outras institucións creando un clima de convivencia positivo. As canles deben ser presenciais preferentemente, pero as dixitais demostráronse imprescindibles nestes tempos de pandemia e deben seguir sendo as que se utilicen pola súa efectividade en momentos de normalidade.

Dito isto, debemos ter en conta que o PEC do IES Monte da Vila indica dentro do seu pluralismo e valores democráticos que debemos educar na igualdade e liberdade: a fenda tecnolóxica sempre foi un hándicap para o logro desta igualdade do alumnado, e as diferenzas víronse agravadas pola pandemia e a desconexión que sufriu o alumnado con maiores dificultades.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O obxectivo do Plan Dixital é dotar ao centro dun instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa. Levouse a cabo tendo en consideración a seguinte normativa:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*

- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implantación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galiza para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do Plan Dixital a dirección do IES Monte da Vila estableceu un equipo de dinamización formado pola directora -Nuria Santiago- e os membros do claustro Javier Chamosa, Pablo Gallego e Juan Luís Miguéns que actúa como coordinador.

No tocante á metodoloxía levouse a cabo unha fase de análise da situación do centro, para o que se usou a ferramenta SELFIE, deseñada pola Comisión Europea, que permite recoller a través de cuestionarios as opinións de alumnado, profesorado e equipo directivo sobre o modo en que se emprega a tecnoloxía no centro educativo.

O profesorado tamén tivo a oportunidade de realizar un test de competencia dixital docente (Test CDD) baseado no marco DigCompEdu co que obtiña un informe individual coa valoración global do seu nivel competencial polas áreas deste marco. Con este test, o centro obtivo un informe de Centro onde se mostran os resultados que son representativos.

Coa análise dos resultados obtidos do SELFIE o equipo de dinamización elaborou un informe sobre debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (DAFO) que lle permitiu a análise de situación e a definición das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións.

No tocante á diagnose dos resultados do test CDD, permitiu planificar liñas de formación a través dos PFPP.

Tamén se fixeron unha serie de reunións para a organización e análise das diferentes enquisas, documentación do PD, e planificación do ano que vén.

Recompilada e analizada a información, o equipo do Plan Dixital tivo varias reunións onde se debatiu e decidiu, en función das necesidades máis apremantes e da capacidade do centro, cales serían os obxectivos a abordar no plan de acción.

Unha vez escollidos os obxectivos, estes foron expostos ao Claustro. Posteriormente en dúas reunións do equipo do Plan Dixital concretouse a redacción dos obxectivos do plan de acción.

Rematada esta fase, para a redacción do Plan dixital, dividiuse en seccións que foron encargadas a cada membro do equipo. Posteriormente puxéronse en común as distintas aportacións e elaborouse o documento definitivo.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A infraestrutura dixital coa que conta o centro está formada por:

- Conexión cara o exterior mediante fibra óptica xestionada pola Xunta.
- Conexións interiores con par trenzado en todas as aulas, departamentos, biblioteca e administración.
- Conexións WIFIs E-Dixgal e profesorado distribuídas por todo o centro a través de puntos de acceso.
- No tocante ás aulas, todas dispoñen de computador con conexión a Internet e conectado a un proxector.
- O centro dispón de dúas aulas TIC con 25 computadores cada unha, unha delas preparada para edición de vídeo, catro aulas para Ciclos Formativos con 20 equipos por clase, tres na sala de profesorado, tres e un iPad na biblioteca, un ou dous por departamento, un para cada integrante do equipo directivo e dous na secretaría. Ademais o centro conta con 5 portátiles a disposición segundo necesidades puntuais (salón de actos, aulas, etc) e 4 tabletas dixitalizadoras.
- O alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO está incluído no proxecto E-Dixgal polo que cada discente conta cun portátil para o seu traballo diario.
- O centro dispón de páxina web, unha aula virtual onde cada docente pon a disposición do alumnado os recursos de cada materia. A comunicación coas familias faise preferentemente a través do espazo Abalar e Abalarmóbil.
- A xestión de mantemento relacionado coas infraestruturas dixitais do centro é realizado polo persoal docente do departamento de informática, contando cun coordinador TIC e un coordinador E-Dixgal.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: Pode ser interesante incluír a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		3,1	2,9	3,2	
	Profesorado		3,4	3,4	3,1	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		3,1	2,9	3,2	
	Profesorado		2,9	2,9	3,3	
	Alumnado		3,1	2,6	3	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		3,8	3,9	4,1	
	Profesorado		4	3,7	3,7	
	Alumnado		3,8	3,4	3,7	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		3,4	3,2	3,7	
	Profesorado		3,6	3,4	3,6	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		3,5	3,4	3,7	
	Profesorado		3,7	3,9	4,1	
	Alumnado		3,5	4,1	3,9	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3,3	3,4	3,4	
	Profesorado		2,9	3,9	3,6	
	Alumnado		3,1	4,1	3,3	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		3	2,6	3,2	
	Profesorado		2,6	2,9	3,5	
	Alumnado		2,9	2,7	3,2	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3,1	3,4	3,9	
	Profesorado		3,4	3,6	3,4	
	Alumnado		3,3	3,3	3,6	

Test CDD: A través do test CDD obtivéronse os seguintes resultados:

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	17	28	60,7%
PROVISIONAL	2	2	100%
INTERINO	12	13	92,3%
SUBSTITUTO	2	3	66,7%
DESPRAZADO	0	2	0%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galiza (sobre 192)	Nivel de competencia en Galiza
<u>76,3</u>	<u>Integrador/a(B1)</u>	<u>76,5</u>	<u>Integrador/a(B1)</u>

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galiza (sobre 192)	Nivel de competencia en Galiza
ESO	<u>65,8</u>	<u>Integrador/a(B1)</u>	<u>79,3</u>	<u>Integrador/a(B1)</u>
BAC	<u>74,4</u>	<u>Integrador/a(B1)</u>	<u>77,9</u>	<u>Integrador/a(B1)</u>
F.P	<u>82,6</u>	<u>Integrador/a(B1)</u>	<u>80,3</u>	<u>Integrador/a(B1)</u>

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>1</u>	<u>3%</u>
A2	<u>12</u>	<u>36,4%</u>
B1	<u>12</u>	<u>36,4%</u>
B2	<u>6</u>	<u>18,2%</u>
C1	<u>2</u>	<u>6,1%</u>
C2		
TOTAL	<u>33</u>	<u>100,00%</u>

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>C1. No centro a infraestrutura dixital apoia o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>C2. O centro conta con dispositivos dixitais para o ensino.</p> <p>C3. Acceso a Internet.</p> <p>C7. O centro conta con sistemas de protección de datos.</p> <p>C8. No centro hai dispositivos dixitais que son propiedade do centro ou están xestionados por el e que o alumnado pode utilizar cando o precisa.</p>	
	PERSOAL DOCENTE	<p>D1. No centro o profesorado debate sobre as súas necesidades de FPP no relativo ao ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>D2. No centro o profesorado ten posibilidades de realización de FPP no relativo ao ensino e á aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>E1. O profesorado busca recursos educativos dixitais en Internet.</p> <p>E3. O profesorado utiliza contornas virtuais de aprendizaxe co alumnado.</p> <p>E4. O profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo.</p> <p>F1. O profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para adaptar o método de ensino ás necesidades individuais do alumnado.</p>	<p>B1. No centro non se avalía suficientemente os progresos do profesorado en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>B2. No centro non se debate con suficiencia sobre as vantaxes e desvantaxes do ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>B3. No centro non se utiliza suficientemente as tecnoloxías dixitais ao colaborar con outras organizacións.</p> <p>D3. O equipo directivo non fomenta demasiado o intercambio de experiencias dentro do centro sobre o ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>F3. O profesorado non utiliza suficientemente as tecnoloxías dixitais para fomentar a creatividade do alumnado.</p> <p>F6. O profesorado non fomenta suficientemente a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.</p> <p>G5. O profesorado non utiliza suficientemente as tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe.</p> <p>G6. O profesorado non utiliza suficientemente as tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida realizar observacións sobre o traballo dos seus compañeiros e compañeiras.</p>
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<p>H3. No centro o alumnado aprende a actuar de maneira responsable en Internet.</p>	<p>H6. No centro o alumnado non está suficientemente concienciado a dar crédito ao traballo doutras persoas que atopou en Internet.</p> <p>H7. No centro o alumnado carece dunha aprendizaxe suficiente en torno á creación de contidos dixitais.</p>
	FAMILIAS		
	OFERTA		
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>A3. Dende o equipo directivo apóiase ao profesorado á hora de probar novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>C5. No centro dispónse de asistencia técnica cando xorden problemas coas tecnoloxías dixitais.</p>	<p>A1. O centro carece dunha boa estratexia dixital.</p>	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>O centro recibe unhas achegas económicas que lle permite unha boa planificación.</p> <p>A estabilidade laboral do persoal docente favorece o bo funcionamento do centro.</p> <p>O centro conta cunha boa dotación de equipamento tecnolóxico.</p> <p>O alumnado ten acceso a dispositivos dixitais fóra do centro educativo, grazas á dispoñibilidade de equipamento tecnolóxico que se pon á súa disposición máis aló do tempo que permanecen no centro.</p>	<p>A non estabilidade laboral do persoal non docente pon en risco o bo funcionamento do centro.</p>
	LEXISLACIÓN		<p>As actuacións que moitas veces leva a cabo a administración educativa sobre todo en materia lexislativa non está a favorecer o labor do centro.</p> <p>A cambiante lexislación educativa e a cantidade de burocracia que debe levar a cabo o profesorado e a dirección non axuda a centrarse no seu labor educativo.</p> <p>A lexislación non educativa que ten afección ao sistema educativo, sobre todo nos anos de pandemia, non favoreceu o labor no proceso de ensinanza-aprendizaxe.</p>
	CONTORNA	<p>As actividades formativas que leva a cabo o centro e as condicións que oferta para a participación son boa oportunidade para a relación coa contorna.</p> <p>O centro colabora con diversas institucións alleas sobre todo con fin de mellorar a formación e posibilidades laborais do alumnado.</p>	<p>A condición socioeconómica da contorna inflúe de xeito negativo no labor a levar a cabo polo centro.</p> <p>A participación das familias no día a día e actividades do centro é escasa.</p> <p>A relación con persoas que non forman parte da comunicade educativa é máis ben escasa.</p>
	ANPA	<p>O centro e a ANPA levan a cabo unha estreita colaboración.</p>	
	OUTRAS ENTIDADES	<p>O centro conta con colaboracións para levar a cabo proxectos externos.</p>	

3. Plan de Acción

Incrementar o número de computadores dispoñibles para o profesorado, facilitando así a utilización da tecnoloxía por parte destes no seu día a día.

Formación para o alumnado no manexo das tecnoloxías, uso da información, e xeración de contidos.

Formación para o profesorado en competencias dixitais, e fomentar o seu uso na aula.

Crear grupos de traballo para partillar experiencias na aplicación de novas metodoloxías pedagóxicas na aula, para fomentar o uso de ferramentas dixitais por parte do profesorado.

Creación de proxectos multidisciplinares baseados no uso de novas tecnoloxías.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Após dunha reunión de avaliación dos resultados do test SELFIE, fixemos unha primeira proposta individual de posibles accións a facer, despois puxémolo en común e quedamos cos puntos que consideramos máis relevantes e axeitados ao noso centro. Finalmente redactamos o plan de acción de xeito colaborativo e baseado nos seguintes obxectivos:

- Na área de Pedagogía: Implementación na aula: Instar ao profesorado ao uso de ferramentas dixitais para fomentar a creatividade do alumnado.

Buscamos que o profesorado no vindeiro ano académico motive o alumnado a ser máis creativo, mediante a formación para o uso de ferramentas dixitais que axuden neste fin. O indicador será o número de ferramentas que use o profesorado de xeito cotián.

- Na área de competencias dixitais do alumnado: Concienciar o alumnado a dar crédito ao traballo doutras persoas que atopa en Internet.

O alumnado debe concienciarse sobre a importancia de mencionar a orixe da información utilizada para a realización dos seus traballos.

Fixarémonos en que o alumnado faga referencias ás fontes usadas nos seus traballos.

- Tamén na área de competencias dixitais do alumnado: Pór a disposición do alumnado formación en torno á creación de contidos dixitais

O alumnado debe aprender a crear contidos de xeito dixital, xa que a pesar do uso intensivo que fai deles, normalmente só consomen mais non producen contidos, e se os crean normalmente son de baixa calidade.

Teremos en conta a cantidade de cursos aportados pola coordinación TIC para creación de contidos dixitais e o uso que fai o alumnado dos mesmos.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O profesorado precisa de máis e mellores equipos informáticos na sala de profesorado e nos departamentos, para facilitarlles as súas tarefas diarias e asemade fomentar a utilización das ferramentas dixitais. En detalle:

- Sala de profesorado, deberíamos ter 4 equipos actualizados con sistema operativo Windows 11, e licenza de Office 365, para a preparación de material para as clases, exames, e outra documentación. O profesorado está acostumado a utilización desde entorno de traballo, e o cambio suporía formación adicional en software libre.
- Os departamentos, a día de hoxe non contan cun equipamento hardware axeitado, foise reutilizando o que se descartaba das aulas, polo que se precisaría cando menos 2 equipos por departamento, facendo un total de 14 equipos de gama media.

A conectividade do centro con Internet é boa, pero ten carencias a nivel de infraestrutura, xa que o armario principal de conexións co exterior non presenta as medidas adecuadas para garantir un correcto funcionamento en todas as situacións, ademais precisa dunha mellora nas medidas de seguridade, xa que está accesible a calquera. Sería preciso facer unha pequena obra para acondicionar o sitio onde se localiza este equipamento, dotándoo de medidas de seguridade e acceso, un novo sistema de alimentación ininterrompida, e mellorar a instalación do conxunto de cables de rede.

As aulas de informática precisan dunha actualización para que se adecúen ao número de usuarios que teñen actualmente, e o seu uso presente unhas mellores garantías de seguridade tanto para o alumnado coma para o equipamento. Precisaríase facer

unha nova instalación eléctrica e de rede, para poder facer un uso adecuado dela, xa que actualmente estanse a usar regretas eléctricas e pequenos switches de rede, con cal o seu funcionamento presenta problemas continuamente, e hai riscos de seguridade por cambras e tropezos con cables.

A biblioteca está a fomentar o desenvolvemento de diversos grupos de traballo entre o alumnado, para os que precisa de máis ferramentas adaptadas ás necesidades dos mesmos. Para isto sería conveniente dispoñer de equipamento Apple, xa que as necesidades están enfocadas ao deseño gráfico e á edición de vídeo debido á oferta que hai de bacharelato, o recomendable sería dous iPads con lapis, e un Mac de sobremesa.

Os despachos do equipo directivo, contan con catro Pc's procedentes de renovacións de equipos de alumnado, polo que teñen deficiencias en canto á súa capacidade de procesamento, almacenamento... Sería conveniente dotar o equipo directivo con catro equipos informáticos de gama media.

As cinco aulas de bacharelato e as dúas de TIC do centro, contan con proxectores que teñen moitos anos, polo que a resolución á que traballan e a calidade de imaxe é moi deficiente para os estándares actuais. Sería conveniente dotar a estas aulas de proxectores modernos.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: Pedagogía: Implementación na aula						
OBXECTIVO 1:	Instar ao profesorado ao uso de ferramentas dixitais para fomentar a creatividade do alumnado				Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES OBXECTIVO:	DO	Número de ferramentas dixitais usadas polo profesorado na aula Baixo: 0-1, Medio 1-3, Alto >3				
Valor de partida:	Baixo					
Valor previsto e data:	Medio.			05/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Crear e distribuír ao profesorado, listaxe de ferramentas dixitais que axudan a fomentar a creatividade do alumnado.	Creación: Coordinador TIC Distribución: Dirección	31/10/2022	computador e conexión a Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Formación do profesorado no uso de ferramentas incluídas na listaxe.	Coordinador TIC	16/12/2022	Aula con computadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Realización de enquisa sobre o uso das ferramentas incluídas na listaxe.	Coordinador TIC	31/05/2023	computador e conexión a Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Competencias dixitais do alumnado						
OBXECTIVO 2:	Concienciar ao alumnado a dar crédito ao traballo doutras persoas que atopa en Internet				Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	% alumnado que habitualmente fai referencia á orixe da información obtida en Internet nos traballos. Baixo: >20%; Medio: 20 – 60 %; Alto: >60%					
Valor de partida:	Baixo					
Valor previsto e data:	Medio.			05/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Preparar e distribuír documentación sobre licenzas e boas prácticas de uso de material dixital.	Creación: Coordinador TIC Distribución: Dirección	15/11/2022	computador e conexión a Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Charlas informativas sobre usos e atribución da información recollida en Internet.	Coordinador TIC	31/01/2023	Aula con computadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Realización de enquisa sobre a identificación que fai o alumnado da información obtida en Internet.	Coordinador TIC	31/05/2023	computador e conexión a Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Competencias dixitais do alumnado						
OBXECTIVO 3:	Pór a disposición do alumnado formación en torno á creación de contidos dixitais				Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de cursos sobre creación de contidos dixitais na aula virtual do IES.					
Valor de partida:	Ningún					
Valor previsto e data:	Un.			05/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Investigación e recompilación de material sobre o uso de ferramentas destinadas á creación de contido dixital.	Coordinador TIC	31/10/2022	computador e conexión a Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Creación dun curso na aula virtual do IES sobre o uso de ferramentas para a creación de contidos dixitais.	Coordinador TIC	15/01/2023	Aula con computadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Formación do profesorado sobre o uso de ferramentas de creación de contidos dixitais.	Coordinador TIC	15/02/2023	computador e conexión a Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

O equipo de dinamización do Plan Dixital levará a cabo un seguimento e avaliación continua das actividades que están recollidas no plan de acción. Para iso, reunirse cunha frecuencia mensual onde se valorará o estado de execución das accións, análise e valoración de resultados e, de ser o caso, as modificacións que resulten oportunas das accións así como propostas de mellora.

Antes de final de curso o equipo reunirse para a valoración do logro dos obxectivos e realizar as propostas de mellora que se detectasen.

5. Difusión do plan

Daráselle difusión ao Plan Dixital a través de:

- O 30 de xuño de 2022 exporase o Plan Dixital ao Claustro. Posteriormente ese mesmo día someterase á aprobación polo Consello Escolar.
- Posta a disposición da comunidade educativa na páxina web do Centro.
- Difusión do enlace ao PD entre o profesorado mediante correo electrónico.